

**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación co arranxo **demanda de contenedores do lixo para a rúa Cubeliños.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na rúa Cubeliños (estrada que vai de Abesadas cara Frións), están situadas varias vivendas unifamiliares e estase construindo un edificio que pronto vai albergar numerosos pisos. Asemade nese pequeno tramo de estrada está situada a Gardería Municipal así como un colexio de educación infantil, primaria e secundaria.

Son numerosas as queixas da veciñanza e usuarios/as das instalacións educativas xa que non contan con suficiente número de contenedores para a recollida selectiva do lixo.

As queixas tamén se producen polo insuficiente paso dos camións do lixo que deben recoller eses refugallos. Por alí o camiión non pasa todos os días e faino cada 4 ou 5 días quedando o lixo varios días nunha rúa que é moi transitada por escolares e familias que van aos centros escolares.



*Lixo que leva máis de 4 días diante da gardería Municipal*

Ante esto o grupo municipal do BNG de Ribeira

#### SOLICITA:

Que o concello de Ribeira **tome as medidas oportunas para:**

- 1º) Dotar de contenedores suficientes de lixo orgánico, envases e papel nesa zona.**
- 2º) Aumentar a frecuencia do paso dos camiións do lixo para que fagan unha recollida diaria.**

Ribeira, 9 de Novembro de 2009



Asdo.: Luís Teira Parada  
Concelleiro do BNG de Ribeira